

Un galego universal

O pasado luns, 4 de xaneiro, morría de maneira repentina en Lancaster

Fernando Pérez-Barreiro Nolla (Ferrol,

1931), un dos intelectuais galegos máis sobranceiros do último medio século que, desde a súa Inglaterra de acollida, traballou sen descanso por unha Galicia universal e galega.

Adeus ao último bo e xeneroso

Foi o primeiro tradutor de Shakespeare ao galego

REPORTAXE DE JOSE GÓMEZ

O pasado luns, a cultura galega, Galicia en xeral, perdeu a un dos seus máis importantes activos, o tradutor e intelectual ferrolán Fernando Pérez-Barreiro Nolla, que finou aos 79 anos en Lancaster, cidade á que se trasladara hai a penas un par de anos logo de residir na capital inglesa durante máis de catro décadas, tempo no que tanto el como a súa dona, Teresa Barro, desenvolveron un intenso e loable labor cultural no sentido máis amplo do concepto.

A poucos días aínda do tráxico, por inesperado, desenlace, moitas persoas de todos os ámbitos teñen feito pública a súa consternación pola perda dun home que esperou tantas admiracións “profesionais” como simpatías amicais. Deste último grupo, aínda que ambos elementos, a faceta máis pública e a máis privada, ían, no caso de Pérez-Barreiro, da man, son o matrimonio formado polo escritor Francisco Xosé Fernández Naval e a fotógrafa Maribel Longueira. “Sempre estaba disposto a aprender”, apunta, “escoitaba e interesábase por todo malia ter unha formación superior á miña: era un home positivísimo disposto sempre a dar azos, a animarte, a recibírtelo cos brazos abertos na súa casa, pois para el as visitas, os momentos compartidos cos demais eran unha festa”.

Nese mesmo sentido, Fernández Naval defíneo como “unha persoa dunha expresividade, un-




Co escritor Francisco X. Fernández Naval

MARIBEL LONGUEIRA

ha xenerosidade e unha alegría de vivir extraordinarias”, e lembra que o seu primeiro contacto produciuse porque foi o propio Pérez-Barreiro quen se presentou logo dun recital no que participaba o escritor ourensán. “A partir dese momento foi como se nos coñecésemos de sempre: así era a súa entrega aos demais”. Neste camiño abunda o xornalista Nicolás Vidal, quen coñeceu a Fernando a comezos de 2005 o mesmo día que o entrevistou para este dominical. “Aí xurdiu, dese acto, digamos, profesional, a miña admiración por el e unha relación cunha persoa que é un exemplo e un templo de sabedoría, dignidade e integridade”.

Formación > Antes de emprender a viaxe a Londres canda Tere-

sa, foron moitas as pegadas que a parella deixou en Galicia, tamén en Ferrol. Para quen o tratou na etapa que residiu na súa cidade natal e na súa etapa en Santiago –onde cursou Dereito–, Pérez-Barreiro era “unha das persoas máis intelixentes que coñecín nunca” e que destacaba pola “súa habilidade ilimitada para a aprendizaxe de idiomas e pola súa gran capacidade de análise”. No seu Ferrol integrouse no grupo Aturuxo cando a revista, un referente cultural daqueles anos en Galicia, ía polo ecuador da súa andaina, e na Compostela onde estudou –Vicente Araguas di que, cando chegou el a Santiago, a finais dos 60, Pérez-Barreiro era, nos círculos universitarios, “un mito”– algún coñecido lembra como o que é considerado o mellor especialista en



Pérez-Barreiro retratado por Maribel Longueira

Dereito Romano do mundo, Álvaro D’Ors, se laiaba porque Pérez-Barreiro non quería dedicarse a esa rama do Dereito. Pero Fernando non quixo opostrar, e a penas exerceu como avogado. Si se presentou, anos máis tarde, á Organización Internacional do Café. No proceso de selección do posto, lembran os que tiñan relación con el nesa época, non tivo rivais porque “o seu exame foi tan brillante que todos os demais decidiron retirarse: o propio tribunal díxolle ao final que sabía tanta cultura anglosaxona coma eles mesmos: así era a súa intelixencia”.

Ademais da súa intelixencia, que o escritor e académico Franco Grande vencella á cultura, pois, como di el mesmo, “hai xente intelixente que non é culta, que non vivía a cultura desde dentro como

Fernando”, o intelectual ferrolán, como gusta de definilo tamén o autor do poemario “Entre o si e o non”, destacaba, din quen o trataron, pola súa enorme capacidade analítica. “Era moi crítico –di Franco Grande–: todos os problemas sometíaos a análise, e iso facíao con todo, tamén comigo. Lembro que cando empecei a traballar como avogado no despacho de Risco, na Coruña, quedaba con el e mais con Teresa para que me clarexara cousas que non me atrevía a preguntarlle a Risco: el sabía ubicarme no problema, en calquera materia”. Fernández Naval incide neste aspecto cando asegura que “falar con el era un pracer porque coa perspectiva transversa, desde múltiples puntos de vista, coa que falaba de calquera tema contribuía a enriquecer moito

■ LAS CLAVES

“MACBETH”

Primeira tradución de Shakespeare ao galego

1 O intelectual ferrolán tivo unha relación estreita con Ramón Piñeiro. Dela saíu a que queda para a Historia de Galicia como a primeira tradución dunha obra de teatro de Shakespeare ao galego: foi “Macbeth” e o lugar, Galaxia, en 1972.

RADIO

Traballou para os servizos exteriores da BBC até 1969

2 Fernando e Teresa chegaron á capital de Inglaterra en 1963. Pouco despois comezou a traballar para a BBC, concretamente para os Servizos Exteriores da emisora, nas funcións de realizador, redactor e locutor de programas de radio até o ano 1969.

ATÉ 1993

Exerceu de tradutor para a Organización Internacional do Café

3 Durante décadas, e até 1993 –aínda que seguiu vencellado a ela– foi o xefe dos servizos de tradución da Organización Internacional do Café. Nos 90 deu clases de posgrao nas universidades de Thames Valley e na de Westminster e cursos nas de Granada e no ISLA de Lisboa.



Recibindo o premio de DF

PREMIOS

Recoñecementos nos últimos anos da súa vida

4 Pérez-Barreiro recibiu varios premios nos últimos anos de vida. En 2005 foi galardoado co Pedrón de Honra; en 2007 foi o homenaxeado pola Xunta de Galicia no Día Internacional da Tradución e, o ano pasado, recibiu a Medalla Castelao.

Fernando e Teresa mantiveron sempre unha relación admirable

os debates e as conversas: tiña moita información –Franco Grande refírese a que “grazas aos seus contactos tiña acceso a libros que aquí, anos 50 e 60 eran difícilísimos de atopar, como a “Crítica da razón dialéctica” de Sartre”– e tiña tal capacidade e habilidade para interpretar os feitos, por pequenos detalles que pareceran, que aprendín máis de Historia Contemporánea de Galicia paseando unha tarde con el por Londres que todo o que lera aquí en toda a miña vida”.

Londres >Xosé Luís Franco Grande adoita dicir que, no caso de Pérez-Barreiro, o que máis dor lle produce é “que este país non fora capaz de reter a un home coma el”. Efectivamente, en 1963, a parella trasládase a Londres, cidade

POESÍA

Formou parte do grupo de Aturuxo, a revista literaria de referencia da posguerra en Galicia

na que instalaría a súa residencia até que a decidiu abandonar, por motivos familiares, hai un par de anos. Foi alí, na capital inglesa, onde ámbolos dous encetaron e desenvolveron un labor que hoxe, a máis de corenta anos vista, é simplemente impagable.

“A casa de Fernando e de Teresa”, di Fernández Naval, “é referencia da historia deste país: foron capaces de establecer un espazo no que Galicia tivo sempre un lu-

LINGUA

Desde o Grupo de Traballo Galego de Londres contribuíu ao debate da actualidade galega

gar no que estar, e aí están as biografías de Ramón Piñeiro e de Xosé Manuel Beiras para confirmalo”. Así, o catedrático da UDC Xosé María Dobarro cre que o labor en Londres do Grupo de Traballo Galego –fundado en 1970–, formado, ademais de Fernando e Teresa, por outro ferrolán, Manuel Fernández Gasalla, Carlos Durán e Xabier Toubes, foi “moi importante”. “Toubes pasaba longas temporadas en Sargadelos con

Díaz Pardo, e iso permitíalles distribuír de forma máis económica o boletín que editaba esta asociación, e que naceu ao abeiro da, daquela, nova lei de educación”. O seu obxectivo inicial –logo o grupo foise adaptando ás novas circunstancias de cada momento– era fornecer aos mestres e profesores das escolas galegas de material escrito –inexistente naquela altura– para traballar co idioma galego nas escolas. Dese modo demostraban tamén que desde fóra, coma no seu caso, era posible, e canto, traballar polo progreso do seu país. “Foi fundamental porque –di Dobarro– aquí non había practicamente nada; de feito, o GTG, por indicación de Ramón Piñeiro, cando apareceu a nova lei de educación publicara un traballo, “Plan pedagóxico galego”, en Grial en

1971”.

O último número dispoñible na rede ten data de decembro e nel –www.grupotraballogalego.uk.net– sae a que é a última reflexión de Pérez-Barreiro, “Non abonda coa lingua”, na que, unha vez máis, ofrece unha perspectiva enriquecedora ao debate sobre a actualidade galega.

Tradución >Foi, porén, a tradución, a súa capacidade para a aprendizaxe das linguas, o que definiu boa parte da súa actividade pública. Ademais de traballar neste eido durante moitos anos na Organización Internacional do Café, Pérez-Barreiro aportou todo o seu talento e sabedoría para que os galegos puideran ler na súa lingua materna os grandes clásicos. O crítico Armando Requeixo sinala que “foi un dos pioneiros da tradución en Galicia. Cando por aquí ben poucos entendían –e atendían– a importancia de ensanchar as miras do noso sistema literario achegando a este os grandes referentes da literatura universal, Pérez-Barreiro andaba xa a traducir a Shakespeare á nosa lingua. E o mesmo fixo anos despois con outro clásico das letras inglesas como foi Lewis Carroll. Da importancia e o modélico do seu labor dan boa proba as súas versións de textos chineses ao galego, –as primeiras, asegura Dobarro– pois el era un exemplo a seguir como tradutor de fontes directas, manexando sempre con rigor e coñecemento superior tanto a lingua e cultura de partida como a de chegada”. Mais a preocupación do intelectual ferrolán por Galicia non ficou no eido da tradución, e aí está o seu labor no Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional para corroborar que, como di Franco Grande, a súa “meirande preocupación era a proxección exterior de Galicia, non só da súa cultura, senón de Galicia como país”.

Araguas ve en Pérez-Barreiro un referente sen o cal “a cultura galega dos anos escuros da ditadura franquista minguaría radicalmente, malia non ser todo o coñecido que debiera por non ter unha bagaxe creativa ampla”. En todo caso, aí está o seu legado, “un tesouro incalculable”, di Eva Veiga, que leva o nome dun home “que ía abrindo constelacións de intelixencia e de sensibilidade”.

UN POLÍGLOTA QUE NUNCA RENUNCIÓU Á SÚA LINGUA

Un compromiso inquebrantable

A Historia e o desenvolvemento humano como proceso colectivo é unha das máximas que adoita utilizar o ferrolán Emiliano Aguirre –un dos primeiros arqueólogos de Atapuerca– cando fala da súa actividade profesional. Nesas parámetros de compromiso moveuse tamén Pérez-Barreiro, pois, como di Eva Veiga, “se fose consciente da súa vida, estou segura de que diría: “Agora tócvos a vós continuar” con ese labor discreto das

persoas honestas e comprometidas de verdade”.

Iso, o compromiso cun país e, tamén, cunha lingua, é o que todos destacan de Pérez-Barreiro. “Creo que Fernando –di Franco Grande– afirmou o seu galeguismo en Londres, cando entrou en contacto coa realidade de Escocia, Gales, etc”. O certo é que o inte-

lectual ferrolán nunca renunciou ao galego como lingua vehicular. Por iso, apunta Fernández Naval, “el representa dalgunha maneira o cerne do debate que temos agora en Galicia. El, que vivía en Londres desde os 60, que aprendeu e traduciu o chinés, que era un políglota, nunca rexeitou como lingua esencial e cotiá o galego: a el non

lle importou, nin lle limitou ser un galegofalante comprometido”. O idioma, como di Eva Veiga, é “o que lle queda a un emigrante, coma el, pois era emigrante; a lingua é o país que habita; é máis, é o único país que se habita realmente”.

O editor Miguel Anxo Fernández Vello considera a este respecto

que a súa ampla visión da realidade en base á súa experiencia como emigrante, como profesor e como coñecedor de linguas e culturas outorgáballe unha posición de observación particular: a súa relación con Galicia é, penso, a daquela galego que, mantendo a identidade, mantendo eses trazos, sitúase nun plano de visión universal. Como dicía Miguel Torga, o universal é o local sen paredes. E Fernando Pérez-Barreiro Nolla cultivou esa estética e esa ética”.